

Cedeira, 29 de Outubro de 2018

Estimadas familias,

Como algunha familia veu comentarme as dificultades de establecer o hábito de estudo, quero axudavos con algunhas indicacións, a maiores, do que xa lle explico ao alumnado sobre estas tarefas.

O mellor é que establezan un tempo diario para estudo e tarefas, unha hora aproximadamente. Hai pequenos e pequenas que terán de sobras, pois moitos días non levan máis tarefa que ler e repasar, outros teñen cousas sen rematar do realizado na aula e igual están máis xustos. Eu a lectura recomendo facela no intre que van a deitarse, pero cada familia ten as súas dinámicas e seredes vos os que teñades que chegar a un acordo cos vosos fillos e fillas, no que respecta ao horario. As tarefas e o estudo, esixe máis concentración, é mellor facelo logo do xantar.

Para estudar é necesario que resuman, é dicir, saquen o máis importante de cada apartado. Na aula, realizamos esquemas e resumimos, pero aínda poden facelo máis. Aprendendo a buscar as palabras máis importantes. Aproveitamos moitas asignaturas para realizar esta dinámica, están aprendendo, é natural que sintan medos e inseguridades. Nós podemos axudalos facéndolles preguntas despois do repaso de cada apartado.

Cada nena ou neno aprende dun xeito diferente, non hai unha receita para todos, por iso procuro que a información que lles dou en Naturais e Sociais entre por moitas canles: debuxos, esquemas, escrito, vídeos, manipulativamente... Así brindo a oportunidade de que cada un descubra cal é a mellor maneira que ten de aprender.

No exame estarán permitidas as palabras, os esquemas, os debuxos... os que eles consideren necesario para explicarse. Brindádelles seguridade, aplaudide cando o fan ben (están aprendendo, están esforzándose) e indicade opcións, alternativas... cando poden mellorar. Necesitan que os guiemos.

Mando unhas fotocopias que podedes ler vos ou con eles, son recomendacións de cara o estudo e do uso da axenda, que a algúns tamén lles está custando. Unha boa estratexia e traer todas as asignaturas apuntadas e poñer o que eu escriba cando lles mande.

Ata agora, líanse moito co que é necesario levar. Explícome, os neceseres de Educación Física teñen que vir e ir fóra da mochila. Teñen 3 cadernos: un para Naturais e Sociais, outro para as linguas e o último para matemáticas. O das Ciencias saben que poden levalo cando desexen (conveniente que o leven os días que teñan máis dispoñibilidade para estudar e iso é algo que tedes que tratar con eles), eu sempre lles mando levalo martes e mércores, pois son os días que damos as asignaturas. O de linguas e o de mates só llelo mando levar se hai unha tarefa ou non remataron algo. Pero moitos, a última hora, xa non recordan se fixeron todo ou non, ou confunden os cadernos e cargan con todo sen necesidade. Iso o resolvedes, se estades unha semana ou quince días, revisando a mochila a diario e sendo constantes nas explicacións, sobre cando hai que collelo.

Como as fichas, rompen moito coas dúas anillas, decidimos metelas nunha carpeta de anillas (non sei se amañaremos moito pero vamos a intentalo, ata o de agora non as tratan moi ben, a pouquiños...). Así que lles din dúas alternativas, levar a carpeta completa que ocupa moito e pesa (está ben para un día que desexemos lucirnos e ensinala na casa) ou coller a tarefa encomendada, sacala da anilla, metela na carpeta de clip. Logo a fan na casa e a traen feita ao día seguinte para gardala na carpeta de anillas. Dende logo este venres, case a maioría optou por levarse toda a carpeta e

tiveron moitos problemas para recoller. Eu penso, que nuns días vaise pasar a emoción e xa levarán só o necesario. Agradezo que vosoutros teñades unha charla sobre a organización da mochila. Xa veredes, que se todos estamos a unha, acabarán o primeiro trimestre ben organizados.

Por último recordarvos que os que teñades a posibilidade da internet, teñen no blog da aula: [vagalumes.net](http://vagalumes.net) , no apartado de recursos, moitos xogos, vídeos, lms que lles axudarán a repasar e refrescar os contidos traballados na aula.

Un saúdo, a titora de 3º A, Dulce.